

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**EXPEDIENTE NÚM.: 2026/X999/000003****EXPEDIENTE DE DECRETO: 2026/G003/000005****PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A
REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE TERMALISMO PARA A TERCEIRA
IDADE. CONVOCATORIA 2026.**

Vista a memoria de data 12/01/2026, na que se expón que o Concello ten previsto realizar o Programa de Termalismo para a terceira idade, incluído no proxecto de envellecemento activo e saudable e consistente en visitas ao Balneario Attica21 de Vilalba para a participación no seu programa termal, dende o mes de febreiro ata o mes de abril de 2026. Ofértanse 35 prazas para persoas con 60 anos ou maiores e empadroadas no Concello de Sobrado. As visitas previstas serán as seguintes:

Febreiro: días 2, 9, 23

Marzo: días 2, 9, 16, 23

Abril: días 13, 20, 27

Total de visitas ao balneario: 10

Tendo en conta que o custo total da actividade ascende á cantidade de **8.365,00€**. Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio, publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

*"Artigo 4.- Contías**1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.**2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:**O custo total da actividade ou servizo.**O número estimado de asistentes ou participantes.**O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no*

artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade."

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a aboar polos/as participantes na citada actividade. O prezo a abonar será de **30€** por cada un dos/as usuarios/as do programa.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mándao e asínoa, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde

A secretaria-

interventora

**Luis Lisardo Santos Ares
Sánchez**

Alejandra D. Fandiño